



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O ANO 2026.

Xustificación, lugar e prazos de presentación

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos conforme aos seguintes prazos:

Período de realización do proxecto	Prazo de xustificación
Entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2026	Límite o 15.11.2026
Entre o 1 de novembro e o 31 de decembro de 2026	Límite o 20.01.2027

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non acade o 100 % do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente. O importe a imputar na xustificación será o total da subvención concedida.

A documentación presentarase a través da Sede Electrónica do Concello de Boqueixón.

Documentación

Á instancia de presentación da xustificación da subvención concedida achegarase a conta xustificativa que incluíra a seguinte documentación:

1º Anexo III. Declaración responsable e consulta de datos

2º Anexo IV. Memoria económica xustificativa. A entidade beneficiaria presentará unha relación clasificada dos gastos da actividade realizada, con identificación do emisor da factura, n.º de factura, data de emisión, concepto, importe, data e forma de pago.

3º Anexo V. Memoria da actuación realizada

4º Facturas e xustificantes de pago

5º Acreditación da publicidade. Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera, etcétera).

6º Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias ante a Seguridade social, AEAT e ATRIGA. Só no caso de non autorizar consulta e non estar vixente o presentado con anterioridade.

7º Calquera outra documentación que se sexa requirida para a acreditar o cumprimento do fin da subvención.